

TERMOS DEFINIDOS

1. Define os seguintes termos segundo o que estudaches no tema:

PUNTO 2. CAUSAS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

- a) **CONFERENCIA DE MÚNICH:** *Reunión entre os dirixentes de Gran Bretaña e de Francia con Adolf Hitler en 1938 na que trataron de negociar con Hitler, apostando por unha política de acougo, e na que lle concederon algunha das súas demandas, como a anexión da rexión dos Sudetes, en Checoslovaquia, coa esperanza de se calmaran as súas aspiracións.*
- b) **PACTO DE NON AGRESIÓN XERMANO-SOVIÉTICO:** *Acordo asinado inmediatamente antes do estourido da Segunda Guerra Mundial entre o goberno de Yosif Stalin na URSS e o goberno alemán de Adolf Hitler, no que se comprometeron a non atacarse mutuamente e a repartirse o territorio de Polonia entre os dous países.*

PUNTO 3. ETAPAS DA GUERRA MUNDIAL

- c) **RÉXIME COLABORACIONISTA DE VICHY:** *Réxime político e estado instaurado na parte centro e sur de Francia durante a Segunda Guerra Mundial, baixo a dirección do mariscal Philippe Petain, que se creou tras o armisticio asinado debido á ocupación de Francia polas tropas de Alemaña, que tiña a capital na cidade de Vichy e que era un estado dependente e colaboracionista coa Alemaña nazi.*
- d) **BATALLA DE INGLATERRA:** *Conxunto de combates aéreos que tiveron lugar sobre as illas Británicas e sobre o Canal da Mancha durante a Segunda Guerra Mundial, mediante os cales a Alemaña nazi pretendía destruír a forza aérea británica para logo invadir Gran Bretaña desde as costas de Francia, e ante os cales Gran Bretaña conseguiu resistir, constituíndo o primeiro gran fracaso de Alemaña na Segunda Guerra Mundial.*
- e) **OPERACIÓN BARBAROSSA:** *Denominación que recibiu a operación de invasión do territorio a Unión Soviética por parte do exército alemán durante a Segunda Guerra Mundial, que se iniciou en 1941, rompendo o Pacto de Non Agresión Xermano-Soviético asinado antes da guerra, o que provocou a entrada da URSS na guerra no bando dos aliados.*
- f) **ATAQUE A PEARL HARBOR:** *Ataque aéreo sorpresa realizado polo exército xaponés sobre a base naval estadounidense de Pearl Harbor, no arquipélago de Hawai, debido á oposición dos Estados Unidos á política expansionista que Xapón quería levar a cabo pola zona do Océano Pacífico, provocando con este ataque a entrada dos Estados Unidos na Segunda Guerra Mundial.*
- g) **BATALLA DE STALINGRADO:** *Batalla que tivo lugar durante a Segunda Guerra Mundial, considerada a máis sanguenta da guerra, na que as tropas da Unión Soviética realizaron un ataque sobre as tropas de Alemaña, as cales foron derrotadas, provocando que a guerra no leste de Europa cambiara de rumbo, deténdose as ofensivas do exército alemán e iniciándose o avance do exército ruso cara a occidente.*

- h) **DESEMBARCO DE NORMANDÍA:** Operación militar que tivo lugar ao final da Segunda Guerra Mundial, que consistiu nun desembarco nas costas francesas, organizado polo exército dos Estados Unidos, coa intención de chegar a Berlín antes que o exército ruso, e co que lograron romper as defensas alemás e chegar a París para liberar esta cidade do dominio nazi.
- i) **BOMBAS ATÓMICAS SOBRE HIROSHIMA E NAGASAKI:** Operación militar que tivo lugar ao final da Segunda Guerra Mundial, en agosto de 1945, que consistiu no lanzamento de bombas atómicas sobre as cidades xaponesas de Hiroshima e Nagasaki, co argumento do presidente estadounidense Harry Truman de que había que acabar rápido coa guerra, para evitar máis baixas, e que causaron miles de mortos e provocaron a rendición incondicional de Xapón e a fin da Segunda Guerra Mundial.

PUNTO 4. HOLOCAUSTO

- j) **HOLOCAUSTO:** Medidas levadas a cabo durante a Segunda Guerra Mundial que consistían no intento de exterminio premeditado, planificado e sistemático das comunidades xudías en Europa, e que tamén afectou a outros colectivos, como os xitanos e os homosexuais, e que constituíron a faceta máis brutal da política racial nazi.
- k) **LEIS DE NÚREMBERG:** Medidas aprobadas en 1933 polo goberno da Alemaña nazi polas que se excluía á poboación xudea da cidadanía alemana e prohibía os matrimonios entre alemáns e xudeus.
- l) **NOITE DOS CRISTAIS ROTOS:** Acontecemento que tivo lugar en Alemaña en novembro de 1933, que consistiu nunha acción das forzas de asalto do Partido Nazi e das Xuventudes Hitlerianas, na que saquearon sinagogas, vivendas e establecementos xudeus, asasinando a un centenar e arrestando e enviando a miles de xudeus aos primeiros campos de concentración.
- m) **SOLUCIÓN FINAL:** Decisión adoptada polas autoridades da Alemaña nazi despois de iniciar a invasión da Unión Soviética en 1941, que formaba parte das políticas de exterminio da poboación xudía e que consistía en eliminar de forma masiva e planificada a esta poboación en cámara de gas e facela desaparecer nos fornos crematorios dos campos de concentración.

PUNTO 5. ORGANIZACIÓN DA PAZ

- n) **CONFERENCIA DE POSTDAM:** Reunión que tivo lugar ao finalizar a Segunda Guerra Mundial, na que se xuntaron os gobernantes dos países vencedores no conflito, neste caso Clement Atlee, primeiro ministro do Reino Unido, Harry Truman, novo presidente dos Estados Unidos, e Yosif Stalin, dirixente da URSS, e na que chegaron a acordos como a división de Alemaña en catro zonas de ocupación, administrada cada unha por unha potencia vencedora (Estados Unidos, URSS, Reino Unido e Francia), a división da cidade de Berlín, situada dentro da zona de ocupación soviética, tamén en catro zonas de ocupación, a desnazificación de Alemaña e a decisión de xulgar aos criminais de guerra, a fixación das reparacións de guerra que Alemaña debía pagar ou a concreción dos cambios territoriais como consecuencia da guerra.

- o) **ONU:** Organización internacional fundada en 1945, ao finalizar a Segunda Guerra Mundial, na Conferencia de San Francisco, que na actualidade está formada por case 200 países e que ten como obxectivos fundamentais manter a paz e a seguridade internacionais, fomentar as relacións de amizade entre os países e promover o progreso social, a mellora do nivel de vida e os Dereitos Humanos.